

# O MARCO NORMATIVO E LEGAL

*A Lei do Patrimonio Histórico de  
Galicia*

Eduardo Méndez Quintas



# OS PRECEDENTES LEXILATIVOS

- *Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.*
- *Lei sobre Defensa, Conservación y Acrecentamiento del Patrimonio Histórico-Artístico de 1933.*

# Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural:

## Obxecto

- “O patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, haxan de ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo.
- A presente lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras.
- Integran o patrimonio cultural de Galicia os bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico.
- A Administración autonómica procurará o retorno a Galicia daqueles bens especialmente representativos do noso patrimonio cultural que se atopen fóra dela.”

# Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural: Outros corpus lexislativos

- Decreto 430/1991 polo que se regula a tramitación para a declaración de ben de interese cultural e se crea o rexistro de bens de interese cultural para Galicia.
- Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

# Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural: Figuras de Protección

- Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Bens de Interese Cultural (BIC)

# Bens de Interese Cultural (BIC): Definición

“Os bens móbeis, inmóbeis e inmateriais mais sobranceiros do patrimonio cultural de Galicia serán declarados bens de interese cultural mediante Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Cultura, e inscribíranse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.”

# Bens de Interese Cultural (BIC): Clases

- **Monumento**, a construción ou obra produto da actividade humana, de relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico, con inclusión dos móbeis, instalacións e accesorios que se sinalen como parte integrante do mesmo, e que por si só constitúa unha unidade singular.
- **Conxunto histórico**, a agrupación de bens inmóbeis que forman unha unidade de asentamento, continua ou espallada, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e desfrute para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia.
- **Xardin histórico**, o espazo delimitado, produto da ordenación polo home de elementos naturais, ás veces complementado con estruturas de fábrica, e estimado de interese en función da súa orixe ou pasada histórica ou dos seus valores estéticos, sensoriais ou botánicos.
- **Sitio ou territorio histórico**, o lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza, e a obras do home que posúan valores históricos ou técnicos.
- **Zona arqueolóxica**, o lugar ou paraxe natural onde existen bens móbeis ou inmóbeis susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, tanto se se encontrasen na superficie como no subsolo ou baixo as augas territoriais.
- **Lugar de interese etnográfico**, aquela paraxe natural, conxunto de construcións ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo galego.
- **Zona paleontolóxica**, o lugar en que hai vestixios fosilizados ou non que constitúan unha unidade coherente e con entidade de seu.

# **Bens de Interese Cultural (BIC): Incoación (Decreto 232/2008)**

“A incoación do procedemento de inclusión dun ben no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia realizarase sempre de oficio mediante resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, quen por propia iniciativa, quen, por instancia de calquera persoa física ou xurídica.”

“Transcorridos seis meses desde a presentación da solicitude sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a pretensión”

# **Bens de Interese Cultural (BIC): Publicación e notificación da incoación.**

“A incoación do procedemento de inclusión no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia. Seralles, así mesmo, notificada ás/aos propietarias/os dos bens ou persoas titulares doutros dereitos sobre estes que se puidesen ver afectados.

Cando se trate de bens inmobles ou de actividades constitutivas do patrimonio inmaterial, comunicaráselles en todo caso aos concellos afectados.

Notificaráselles, así mesmo, ás persoas ou entidades que instasen a inclusión e ás/aos demais interesadas/os no procedemento.”

# Bens de Interese Cultural (BIC): Instrución

“Cando o procedemento se refira a bens inmobles ou ao patrimonio inmaterial acordarase a apertura dun período de información pública que se prolongará por espazo de vinte días, e daráselles audiencia aos concellos e organismos afectados por espazo de quince días.

Cando se trate de bens inmobles ou do patrimonio inmaterial deberá solicitarse informe á Comisión Territorial de Patrimonio Histórico competente por razón do territorio. Cando se trate de bens mobles solicitarase informe á Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

As alegacións e informes recibidos uniranse ao expediente e serán obxecto de consideración para a adopción da resolución que proceda.”

# Bens de Interese Cultural (BIC): Resolución

“A resolución que poña fin ao procedemento de inclusión no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia correspóndelle ao mesmo órgano que acordou a súa incoación. A dita resolución deberáselles notificar ás/aos interesadas/os, así como aos concellos afectados cando se trate de bens inmobles ou do patrimonio inmaterial, e publicarse no Diario Oficial de Galicia.

En todo caso a resolución incluírá a identificación do ben, e, no suposto de inclusión individualizada a determinación daqueles elementos que deban considerarse afectados pola inclusión. Se se trata de actividades constitutivas do patrimonio inmaterial, describírase o ámbito que as soporta ou o territorio onde se producen, incluída a relación daqueles documentos ou obxectos que se consideren vinculados a estas por coadxuvar á súa conservación, coñecemento e valoración.

A resolución poderá establecer instrucións particulares que concreten para os bens obxecto de inclusión a forma en que deben materializarse as obrigas xerais que atinxen ás/aos propietarias/os e persoas titulares de dereitos reais sobre eles”

# Bens de Interese Cultural (BIC)

¿Vantaxes...?